

Eleccións sindicais 2006: a hora do STEG

Pasadas xa as eleccións sindicais no ensino, chega o momento de facer valoracións arredor do novo panorama aberto para os vindeiros 4 anos.

Un impulso novo

Con esta mensaxe concorremos ás eleccións, facendo propostas de acción para insistir na necesidade dunha forza sindical que fixera compatible a xestión e oferta de servizos sindicais, necesarios para traballadoras e traballadores, sempre co respecto á capacidade democrática de decidir por eles mesmos en todo o que os atinxe. O STEG é un sindicato diferente, tanto polas súas propostas de acción como pola incorporación constante de novos colectivos e proxectos, empeñado sempre en defender

un sindicalismo democrático e sen tutelas ou burocracias que lle usurpen ao profesorado a capacidade de decidir.

Visto o visto, o profesorado galego recoñeceu a diferenza da "opción-STEG" dándolle apoio até o punto de nos converter na **forza sindical con maior incremento de votos**, tanto en termos relativos como absolutos, na consulta electoral do pasado 30 de novembro (ver táboa). O incremento de 4 delegados por razóns de aumento censal, e o cambio na asignación doutros 4, a respecto do reparto de 2002, **supuxeron para o STEG conseguir 7 dese total de 8 delegadas/os en xogo**. Do mesmo






xeito, este apoio conseguiu que **o STEG entrara por méritos propios na Mesa Sectorial de Educación**, ámbito principal de negociación coa Consellaría.

O STEG aproxímase ao cuarto posto sindical no ensino galego, ao terceiro nalgunhas provincias, e gaña en credibilidade perante o colectivo docente. Porén, somos conscientes, e así o poñemos de manifesto na táboa, de que **se mantén máis dun 8% de voto branco**, voto este que debemos asumir como crítico todas as organizacións sindicais admitindo que, por veces, non estamos á altura do que se espera de nós.

	ANPE	CCOO	CSIF	STEG	UGT	CIG	Branco	TOTAL
Nº votos	2546 (+55)	4165 (-236)	681 (-57)	1903 (+837)	3459 (+149)	8484 (+393)	1878 (+19)	23106 (+1178)
%	11%	18%	3,20%	8,96%	16,30%	36,60%	8,12%	73,50%
Variación % 2002	-0,25	-2,02	-0,16	+ 4,09	-0,74	-0,3	-0,35	0,79
Delegadas/os	17	27	3	+ 14	22	53		136
Variación 2002	-1	-3	=	+ 7	=	+ 1		4

Representatividade por provincias.

Comparativa co 2002



STEs-Intersindical: a forza máis votada no conxunto do Estado

O sindicalismo autónomo e asembleario representado pola Confederación de STEs-Intersindical, da que o STEG forma parte, é o **modelo sindical máis votado no conxunto do Estado**. As organizacións integrantes desta Confederación son a primeira forza sindical en máis da metade das comunidades autónomas españolas. STEs-Intersindical acadou un total de 54.600 votos, case 1.000 máis que CCOO, máis de 17.000 votos por riba de ANPE, 23.000 máis que UGT e 27.000 máis que CSIF. A Confederación de STEs-Intersindical, que integran 18 organizacións soberanas e vencelladas por un mesmo proxecto, é un reflexo sindical da idea de Estado plurinacional.

Agradecemento

O STEG é consciente de que estes éxitos son motivados polo apoio e simpatía amosada polo profesorado durante estes anos e que se materializou na recente convocatoria electoral. O agradecemento queremos facelo extensivo tanto ao profesorado que nos votou como ao que considerou esa posibilidade, aínda que preferiu outras opcións, tamén ás persoas que formaron parte das nosas candidaturas, das mesas electorais, do persoal de administración e servizos que sustentaron o proceso electoral e, en definitiva, a todas e a todos. A partir de agora temos un reto, ser quen de dar resposta á confianza que nos déstedes. **Esperamos non defraudar.**

Seguiremos a traballar pola defensa do ensino público e a mellora das nosas condicións socio-laborais. Pola dignificación social e económica da tarefa docente e a mellora da convivencia nos centros. Pola saúde e a seguridade laboral, a formación do profesorado e a aplicación de políticas de igualdade, así como para rematar coa temporalidade e a precariedade laboral no ensino público.

RETRIBUCIÓNS 2007

- Seguimos coa sangría da perda de poder adquisitivo
- O STEG denunciou que a consellaría de educación acumulaba retrasos, de ata tres meses, no pago ao profesorado.
- Ordenadores si, mais non así
- Os orzamentos de educación están entre os máis baixos da nova administración galega

DESENVOLVEMENTO LOE

- Comparativas LOXSE-LOE entre os horarios escolares que constitúen as ensinanzas mínimas
- STEG reivindica que se tramite o libre acceso do profesorado a museos e bibliotecas, tal e como se establece na LOE
- Enfermidades profesionais

PROFESORADO INTERINO

- Irregularidades nas listas
- RD acceso
- Cobro de trienios
- Colectivo do 94
- O STEG reivindica que Preescolar na Casa siga pertencendo a Educación



Seguimos coa sangría da perda de poder adquisitivo

A suba total do noso soldo no ano 2006 foi dun 2% fronte á suba dos prezos que alcanzou un 2,7%. Como resulta obvio seguimos a perder poder adquisitivo. Desde o ano 1990 a perda acumulada é do 18%.

Para o curso 2007 contéplase unha suba do 2% ademais do incremento de 45 euros na nómina de xaneiro motivado polo Acordo que o STEG, xunto coas demais organizacións sindicais, asinou nas negociacións sobre retribucións en Galiza no pasado curso. Esta suba supón unha pequena recuperación fronte á perda de poder adquisitivo que viña acontecendo nos últimos anos, mais aínda é insuficiente, polo que non deixaremos de reclamar unha cláusula de revisión salarial que evite a diminución do noso soldo dos últimos anos (case un 20%).

Non debemos esquecer que o Acordo que asinamos o curso pasado situaba ao profesorado galego no lugar que lle correspondía no conxunto do Estado Español, xa que naquel momento e "grazas" a aquel miserento acordo do 2003 asinado polas centrais estatais situámonos na

derradeira posición do conxunto do Estado. Ademais este Acordo, obriga á Administración a abrir negociacións sobre retribucións no caso de que os incrementos noutras comunidades volvan deixar ao Profesorado Galego relegado.

A partires do 2008 comezará o cobro por "tutorías", ao que nun primeiro momento o STEG se opuxo sendo coherente coa liña contraria á estratificación salarial. Deixamos clara, nas negociacións coa Administración, a nosa postura de que non asinaríamos un complemento no que se contemplase unha nova estratificación salarial. Só cando se confirma por parte da Consellaría que a suba sería para todo o profesorado, e despois de confirmar prazos e cantidade total, o STEG decide asinar.

Queremos destacar que esta mellora foi froito da forza

das traballadoras e traballadores do ensino e da presión de TODAS as centrais sindicais, a pesares de que, coma sempre, cada organización se atribúa en solitario a consecución do Acordo. Foi un exemplo de como a unión dos esforzos facilita a consecución das demandas do profesorado, polo que non debemos esquecer esta experiencia para outras cuestións que melloren a Escola Pública Galega.

A partires de agora o STEG traballará na Comisión de Seguimento do Acordo para que o seu desenvolvemento sexa o que mellora as condicións do profesorado e con isto as do Ensino Público Galego. Ademais non descansaremos ata conseguir a Cláusula de Revisión Salarial que impida a rebaixa indirecta das nosas retribucións.

e falando de cartos...

O STEG denunciou que a Consellaría de Educación acumulaba retrasos, de ata tres meses, no pago ao profesorado.

Os xornais galegos recolleron un comunicado de prensa da nosa organización no que consideraba inasumible que as Delegacións Provinciais da Consellaría de Educación demoren o pago das nóminas dunha importante porcentaxe do profesorado durante case tres meses.

Segundo os nosos datos só na provincia da Coruña, máis de cen profesoras e profesores acumulan retrasos no seu soldo de ata tres meses. Este retrasos tamén ocorren noutras Delegacións Provinciais, polo que o número do profesorado afectado por este mal funcionamento é considerablemente superior. Ademais dos retrasos na nómina debemos salientar os numerosos retrasos en conceptos como trienios e outros complementos.

A resposta dada pola administración a esta irregular situación resulta insuficiente e en caso ningún se xustifican os atrasos por: problemas na xestión e informatización dos datos. Entre eses problemas destaca como máis habitual o cambio de provincia de traballo que fai que a traballadora ou traballador pase a depender doutra

Delegación.

Desde o STEG queremos, ademais de denunciar, esixir a subsanación inmediata desta grave irregularidade. Non se pode permitir que as traballadoras e traballadores despois de ter cumprida a súa función non perciban as retribucións correspondentes. Ademais hai que ter en conta que o exercicio das funcións docentes vai acompañada de gastos de transporte, vivenda, manutención, etc, para ao que se precisa o lexítimo salario.

O STEG considera que os medios tecnolóxicos actuais fan inadmisíbel a demora no pago das retribucións que na maioría dos casos afecta ao colectivo do profesorado que xa padece unha maior precariedade sociolaboral: o colectivo de profesorado interino e substituto.

Esiximos, por tanto, unha resposta por escrito da Conselleira de Educación que dea conta do que está a suceder e se comprometa a buscar unha solución inmediata que remate definitivamente con esta irregular situación.

Ordenadores si, mais non así

A Consellaría de Educación investiu no pasado ano 16 millóns de euros en material informático, acción que continuará en 2007 cunha achega semellante. En dous anos, distribuiranse aos centros 7.000 portátiles, 27.000 ordenadores de sobremesa, 2.000 impresoras láser, 2.000 proxectores multimedia e 700 pizarras dixitais.

As cifras son abraiante e ben certo que seguramente necesarias para conseguir que as novas tecnoloxías se convertan nunha ferramenta indispensable no proceso de aprendizaxe. Valoramos positivamente os investimentos feitos en material tecnolóxico, máis, outra vez, tal e como pasou cos libros de texto, parécenos máis ben unha medida onde importa máis o publicitario que facer as cousas racionalmente e con obxectivos pedagóxicos.



PENSEMOS UN POUCO:

¿Quen fai o seguimento e distribución deste material unha vez que chegue aos centros?

¿Quen fará o mantemento informático?

¿Quen determina as características técnicas destes equipos, que parece ser son as mesmas para os 1800 centros de Galiza?

¿Onde está a oferta necesaria para formar a todo o profesorado que se necesitará para poñer en marcha e posteriormente rendabilizar o uso dos equipos?

¿A que prezo se compran estes equipos informáticos? ¿Non deberían as empresas adjudicatarias reinvestir parte das súas ganancias na mellora da educación pública galega?

¿Ata cando teremos que seguir pagando os equipamentos dos centros concertados?

Desde o STEG pedimos un uso responsable destes cartos e deste material, para o que se fai imprescindible un estudo previo das necesidades docentes, e así facer unha entrega, do equipamento informático verdadeiramente necesario, tanto en cantidade coma en calidade, que sirva para cumprir os obxectivos reais do noso sistema educativo.

Os orzamentos de educación están entre os máis baixos da nova administración galega

Os orzamentos da Xunta medran en torno ao 9% e os de Educación só un 8%

O orzamento que este novo goberno progresista dedica á educación pasa do 8% ao 8,3% quedando moi por debaixo da media doutras consellarías. Como exemplo das diferenzas entre Consellarías Política Territorial ou Vicepresidencia medran un 11,4 e un 11 % respectivamente fronte ao 8,3% da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria.

Unha breve análise destes datos lévanos a pensar que seguimos a ter uns orzamentos continuistas na medida en que se priman as infraestruturas viarias e as políticas asistenciais fronte ás políticas educativas, sanitarias e de desenvolvemento socioeconómico que promovían a autonomía social.

De todos e todas é coñecido o exemplo de Irlanda onde a aposta por un sistema educativo público de calidade que mellorou notablemente as condicións sociais e económicas deste País. É difícil de comprender como tendo un exemplo tan perto de nós os nosos gobernantes ollan máis para o goberno conservador do pasado en lugar de fixarse en experiencias tan interesantes como a irlandesa.

Todos os progresistas agardabamos uns orzamentos de verdadeiro cambio que consistirían en aforrar onde o PP despilfarrou: en macroobras públicas, en fundacións, en subvencións á concertada, á medicina privada...

DESENVOLVEMENTO LOE

Comparativas LOXSE-LOE entre os horarios escolares que constitúen as ensinanzas mínimas

Nos dous cadros seguintes pódense observar as diferenzas horarias das distintas áreas de coñecemento entre a LOXSE e a LOE.

COMPARATIVA HORARIO ESCOLAR DAS ENSEINANZAS MÍNIMAS PARA A EDUCACIÓN PRIMARIA									
ÁREAS DE COÑECEMENTO	LOXSE			TOTAIS	LOE			TOTAIS	DIF
	1º Ciclo	2º Ciclo	3º Ciclo		1º Ciclo	2º Ciclo	3º Ciclo		
Coñecemento do medio natural, social e cultural	175	170	170	515	175	175	140	490	-25
Educación Artística	140	105	105	350	105	105	105	315	-35
Educación Física	140	105	105	350	105	105	105	315	-35
Lingua Castelá e Literatura	350	275	275	900	315	280	280	875	-25
Lingua Estranxeira		170	170	340	105	140	140	385	45
Matemáticas	175	170	170	515	175	210	175	560	45
Relixión Católica/actividades de estudo Relixión	105	105	105	315	105	105	105	315	0
Educación para a cidadanía e os dereitos humanos							50	50	50

En canto á EP sinalar que a inclusión da área de Educación para a Cidadanía e os dereitos humanos no 3º ciclo e a obrigatoriedade da Lingua Estranxeira no 1º ciclo (+45 h), xunto co aumento horario na área de Matemáticas (+45 h) e o mantemento das horas adicadas á Relixión fan que as demais áreas sufran perdas horarias de entre 25 e 35 horas na etapa.

En canto á ESO chama a atención que o MEC, no desenvolvemento normativo da LOE, agrupe os tres primeiros cursos nun todo, deixando 4º curso como entidade diferenciada, cando na Lei anterior os contidos mínimos da ESO estaban divididos en dous ciclos. A respecto das áreas de coñecemento, o máis significativo é a perda de horas de Tecnoloxía (ata 70 h. menos) e o incremento de Matemáticas (50 h. máis). Aparece, ao igual que en EP a área de Educación para a Cidadanía e os dereitos humanos dentro dos tres primeiros cursos e Educación ético-cívica no cuarto curso.

COMPARATIVA HORARIO ESCOLAR DAS ENSEINANZAS MÍNIMAS PARA A EDUCACIÓN SECUNDARIA

ÁREAS DE COÑECEMENTO	LOXSE					LOE				DIFsen	DIF con		
	1º Ciclo	2º Ciclo		TOT sen		3º 1º cursos	4º Curso	TOT sen				optativas	optativas
		4º Curso Optativas	optativas	optativas	optativas			optativas	optativas				
Ciencias da natureza	140	90		230	230	230	0	230	230	0	0		
CC.SS., Xeografía e Historia	140	160		300	300	210	70	280	280	-20	-20		
Educación Física	70	70		140	140	105	35	140	140	0	0		
Educación Plástica e Visual	35	35	85	70	155	105	70	105	175	35	20		
Lingua Castelá e Literatura	245	240		485	485	350	125	475	475	-10	-10		
Lingua Extranxeira	210	240		450	450	315	105	420	420	-30	-30		
Matemáticas (AVB) // Matemáticas	175	160		335	335	280	105	385	385	50	50		
Música	35	35	85	70	155	105	70	105	175	35	20		
Tecnoloxía	125	70	85	195	280	140	70	140	210	-55	-70		
Bioloxía e Xeoloxía			85	0	85		70	0	70	0	-15		
Educación ético-cívica				0	0		35	35	35	35	35		
Física e química			85	0	85		70	0	70	0	-15		
Informática				0	0		70	0	70	0	70		
Latín				0	0		70	0	70	0	70		
Segunda Lingua estranxeira				0	0		70	0	70	0	70		
Relixión /actividades de estudo Relixión	105	105		210	210	140	35	175	175	-35	-35		
Educación para a cidadanía e os dereitos humanos				0	0	35	0	35	35	35	35		

Hai que ter en conta que son horarios das ensinanzas mínimas e que estes aínda teñen que modificalos as Comunidades Autónomas, tendo en conta o artigo 6.3 da LOE "Os contidos básicos das ensinanzas mínimas requirirán o 55 por cento dos horarios escolares para as Comunidades Autónomas que teñan lingua cooficial e o 65 por cento para aquelas que non o teñan". Así pois, estes horarios variarían despois do desenvolvemento que fagan as CCAA.

Desde o STEG pensamos que todas as áreas poderían ter aumentos significativos se a Relixión saíra do currículo escolar. De feito a emenda do STEG e a Confederación de STES-i que pedía que a relixión saíra do currículo escolar foi aprobada polo Consello Escolar do Estado. En concreto, o texto referendado di que os centros arbitrarían as medidas oportunas para que quen optase por recibir ensinanzas de calquera relixión, recibise as debidas ensinanzas fora do cómputo das 30 horas semanais que comprende o horario lectivo da Educación Secundaria Obrigatoria. A xuízo do STEG, esta sería a única maneira de respectar os dereitos de quen quere recibir ensinanzas relixiosas e de quen non quere.

En cuarto curso o alumnado elixirá dúas áreas ou materias entre as cinco seguintes (170 horas engadidas): Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Educación Plástica e Visual, Música e Tecnoloxía, segundo o RD 3473/2000 que modifica o 1007/1991 das ensinanzas mínimas da ESO.

De entre as horas que van en gris, o alumnado deberá elixir tres das materias sinaladas.

As Comunidades autónomas que teñan lingua cooficial disporán para a organización das ensinanzas na devandita lingua do 10% do horario escolar total que se deriva deste anexo, non podendo detraer dun área unha cifra superior a 50 horas no conxunto dos tres primeiros cursos, nin a 20 horas no cuarto curso.

STEG reivindica que se tramite o libre acceso do profesorado a museos e bibliotecas, tal e como se establece na LOE

STEG presentou senllos escritos ás ministras de Educación e Cultura nos que se lembra que a Lei Orgánica de Educación (LOE) actualmente en vigor,

estabelece o libre acceso do profesorado a museos e bibliotecas públicos no seu artigo 104.3.

A pesar de que a lei entrou en vigor fai oito meses,

as medidas contempladas nese artigo non se desenvolveron, polo que desde o STEG se pide que entren en vigor de maneira urxente.

Enfermidades profesionais

Con data 1 de xaneiro do 2007 entrou en vigor o RD 1299/2006 (BOE do 19-12-06) polo que se aproba o novo cadro de enfermidades profesionais que substitúe ao obsoleto cadro anterior que databa de 1978. Aínda que faltan por recoller enfermidades como os síndrome musculoesqueléticos, os riscos psicossociais, a violencia física, o acoso sexual e laboral, o síndrome do traballador/a queimado/a, etc., recolle, dentro das enfermidades causadas por axentes físicos, unha das doenzas habituais no ensino: os "Nódulos das cordas vocais a causa dos esforzos sostidos da voz por motivos profesionais dentro das actividades

nas que se precise o uso mantido e continuo da voz, como son profesores/as,(...)"

Falta moito camiño por percorrer ata satisfacer as nosas reivindicacións a prol do recoñecemento como continxencia profesional, con dereito a prestacións e prevención, de toda patoloxía o enfermidade directamente relacionada co noso traballo e, dende a cultura preventiva, esixirse o tratamento preventivo de todo dano ou enfermidade relacionada co traballo, tal como establece a lei de prevención de riscos laborais.





NÓMINA 2007

COD.	CONCEPTO	GRUPO B		GRUPO A	
		MESTRES	F.P.	SECUNDARIA	CÁTEDRA
11	SOLDO	944,48	944,48	1.112,85	1.112,85
52	C. DESTINO	477,46	588	588	704,28
54	C. ESPECÍFICO⁽¹⁾	479,99	479,99	479,99	529,88
12	TOTAL	1.901,93	2.012,47	2.180,84	2.347,01
12	TRIENIO	34,23	34,23	42,77	42,77
52	C. 1º CICLO ESO	110,55	-----	-----	-----

711 IPC Galego Engadir un 0,3784% ás retribucións brutas de cada quen
Pagas extraordinarias: soldo + trienios + complemento de destino + 1/3 do complemento específico

SEXENIOS	⁽¹⁾ O profesorado que teña sexenios verá incrementado o Complemento Específico Docente (54) do seguinte xeito:
1º.....59,11	Con 159,11
2º.....75,99	Con 2135,10
3º.....101,34	Con 3.....236,44
4º.....143,55	Con 4379,99
5º.....42,22	Con 5422,21

Outro ano máis perdendo poder adquisitivo...

A suba total das nosas retribucións do ano 2006 foi dun 2% fronte á suba dos prezos que alcanzou un 2,7%

Como resulta obvio seguimos a perder poder adquisitivo. Desde o ano 1990 a perda acumulada é do 18%. ¡Cada ano cobramos máis, pero gañamos menos!

Ademais da suba do 2%, para o curso 2007 contéplase un incremento de 45 euros motivada polo Acordo, asinado polo STEG, nas negociacións sobre retribucións en Galiza no pasado curso.

DESCONTOS (14 cotas anuais)

	GRUPO A	GRUPO B
MUFACE (1,69% do Haber Regulador)	43,47	34,21
PASIVOS (3,86% do Haber Regulador)	99,28	78,14

RETENCIÓN DO IRPF

Se desexas coñecer con exactitude o tipo de retención que che corresponde podes pasar por calquera sede do STEG, xa que varía segundo as retribucións anuais e o número de fillas/os

COMPLEMENTOS ESPECÍFICOS DE CARÁCTER SINGULAR

	INFANTIL/PRIMARIA				
	TIPO A	TIPO B	TIPO C	TIPO D	TIPO E
Nº unid. do centro	40 ou máis	39 a 18	17 a 12	11 a 6	5 a 3
Dirección	519,38	470,15	340,24	251,56	153,44
Outros cargos ⁽¹⁾	180,71	169,80	164,36	120,76	----

(1) Xefatura de estudos, Secretaría.

	SECUNDARIA / CPIs			
	TIPO A	TIPO B	TIPO C	TIPO D
Nº unid. do centro	+ 1.350	1.350 a 751	750 a 450	- 450
Dirección	633,76	545,88	494,14	447,34
Outros cargos ⁽¹⁾	278,79	273,38	197,06	169,80

(1) Vicedirección, Xefatura de estudos, Secretaría.

Xefatura seminario, departamento (Sec.).....	66,24
Xefatura departamento orientación primaria.....	66,24
Coordinación de formación en centros (Sec.).....	66,24
Profesorado de Ed. permanente de adultos.....	66,24
Membros Equipos Orientación Específica.....	278,79
Responsables de menos de 3 unidades en centros de infantil / primaria.....	66,24

ESCOLAS DE ARTES APLICADAS E CONSERVATORIOS DE MÚSICA	
Coordinación de especialidade.....	66,24
Xefatura de seminario.....	66,24

CEFORES	
Dirección.....	545,88
Asesor/a.....	278,79

COLEXIOS RURAIS AGRUPADOS	
Dirección tipo C.....	340,24
Dirección tipo D.....	251,56
Dirección tipo E.....	153,44
Xefatura de estudos e Secretaría tipo C.....	164,36
Xefatura de estudos e Secretaría.....	120,76
Profesorado.....	66,24

PENSIÓNS 2007 (Tope 2.290,59 € brutos/mes)

Haber mensual bruto 14 pagas

Anos de servizo	Porcentaxe reguladora	GRUPO A	GRUPO B
15	26,92%	692,42	544,95
16	30,57%	786,30	618,84
17	34,23%	880,44	692,93
18	37,88%	974,32	766,82
19	41,54%	1.068,46	840,91
20	45,19%	1.162,35	914,80
21	48,84%	1.256,23	988,68
22	52,50%	1.350,37	1.062,77
23	56,15%	1.444,25	1.136,66
24	59,81%	1.538,39	1.210,75
25	63,46%	1.632,27	1.284,64
26	67,11%	1.726,16	1.358,53
27	70,77%	1.820,30	1.432,62
28	74,42%	1.914,18	1.506,51
29	78,08%	2.008,58	1.580,80
30	81,73%	2.102,20	1.654,49
31	85,38%	2.196,09	1.728,37
32	89,04%	2.229,23	1.802,46
33	92,69%	2.290,23	1.876,35
34	96,35%	2.290,23	1.950,44
35	100%	2.290,23	2.024,33

ACLARACIÓN: todos os redondeos que aparecen neste documento, poden variar uns céntimos en algúns casos. Aínda que parezca incríbel, a data de 20 de xaneiro, en Intervención Económica non nos facilitaran os datos exactos polo que os cálculos son nosos.. Non é xustificábel nen a desconsideración nen a ineficacia.

STEG Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galicia

A Coruña-Santiago
Avda. de Coimbra, nº 15
15706 Santiago
Tfno. 981580700
corunha@stegsindicato.org

Lugo
r/Bolaño Rivadeneira, 20 2º B
27001 Lugo
Tfno. 982240066
lugo@stegsindicato.org

Ourense
r/Sto Domingo, 60.
Galerías Xesta, entrechán, local 1
3005-Ourense
Tfno. 988252323
ourense@stegsindicato.org

Pontevedra
r/ Gutiérrez Mellado, 3
Galerías Oliva, 1-3º
36001 Pontevedra
Tfno. 986857545
pontevedra@stegsindicato.org

Confederación STES-i
E-mail: stes@stes.es
web: www.stes.es